



Partido dos Socialistas de Galicia
Comisión Executiva Municipal de Cervo
Avd. da mariña, 12 baixo
27890 San Cibrao. Lugo
psoe.cervo@gmail.com

O PSOE DE CERVO MANIFESTA TODO O SEU APOIO ÓS VECIÑOS DE CERVO PARA LOGRAR MANTER O SERVIZO MÉDICO NO SEU CENTRO DE SAÚDE

-Confirmaron a súa asistencia á concentración convocada para esta máñá no mesmo centro afectado, “alí estaremos e faremos todo o que esté ó noso alcance para defender este servizo”

-Están de acordo en que “a declaración de intencións trasladada polo noso alcalde está ben, pero non pararemos ata que se materialice, pois de non ser así tememos ata un futuro peche definitivo deste centro sanitario”

CERVO, 6 DE XUÑO. Os socialistas de Cervo manifestan públicamente o seu apoio a tódolos veciños afectados pola falta de substitución do médico no centro de saúde de Cervo, “estaremos presentes na concentración convocada para as 12.00 horas desta mañá e faremos todo o que nos sexa posible por tratar de solucionar esta situación”.

Dende o Partido Socialista aseguran que “nos sumamos á inquietude dos afectados. As políticas da actual Xunta de Galicia en materia de sanidade amosan que o seu único obxectivo é a merma destes servizos. Tendo en conta que o Real Decreto-Lei 20/2011 contempla que tan só o 10% dos médicos que se xubilen serán substituídos, agardamos que Cervo esté dentro desa pequena porcentaxe”.

Neste senso, alégrense ó coñecer por medio do alcalde as boas intencións de arranxar o problema pero “non pararemos ata ver materializadas as súas palabras. De falsas promesas estamos cansos, se nunca se chegan a cumprir, tememos que este sexa un dos primeiros pasos para o futuro peche deste centro sanitario”.

Insisten en que “apoiaremos as iniciativas veciñais para defender un servizo que costou moito conseguir. A colaboración de todos será



Partido dos Socialistas de Galicia
Comisión Executiva Municipal de Cervo
Avd. da mariña, 12 baixo
27890 San Cibrao. Lugo
psoe.cervo@gmail.com

imprescindible para intentar que a Consellería de Sanidade nos faga chegar de maneira urxente a mellor das decisións”.

GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE CERVO